

**Acta da reunión do Consello de Departamento****ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.  
Anido Rifón, Luis E.  
Blanco Fernández, Yolanda  
Burguillo Rial, Juan C.  
Caeiro Rodríguez, Manuel  
Costa Montenegro, Enrique  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fernández Iglesias, Manuel J.  
Fernández Veiga, Manuel  
Fernández Vilas, Ana  
García Duque, Jorge  
Gil Castiñeira, Felipe  
Gil Solla, Alberto  
Herrería Alonso, Sergio  
Llamas Nistal, Martín  
López Ardao, José C.  
López Nores, Martín  
Mikic Fonte, Fernando A.  
Pazos Arias, José J.  
Rodríguez Hernández, Pedro S.  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rubio, Raúl F.  
Santos Gago, Juan M.  
Sousa Vieira, Estela  
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo  
Liz Domínguez, Martín  
López Escobar, Juan José

**ESCUSAN ASISTENCIA**

López Bravo, Cristina  
Pousada Carballo, José María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 10 de maio de 2021, convocada para as 15:30 horas en primeira convocatoria e para as 16:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas 1 do Campus Remoto da E.E. de Telecomunicación.

O luns 10 de maio de 2021 ás 16:01 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 27 de abril de 2021.

2. Informe do Director.

O Director cede a palabra a Manuel Fernández Veiga, que informa sobre a primeira reunión da comisión de elaboración do plan de estudos do Máster en Enxeñaría Biomédica, na que se definiron os puntos principais do plan de estudos e se estableceu unha cota de entrada de 20 estudantes, quedando en proceso de definición a parte optativa do mesmo. O Director di que se alguén do departamento está interesado en participar nese máster se poña en contacto con el. O Director tamén comenta que a escola informou da creación dunha comisión para tratar o tema das novas titulacións e solicitou ao departamento dous representantes, pedindo a Directora da escola que un deles fose Felipe Gil Castiñeira. O Director informa de que ninguén se presentou para ser o outro representante, e que o departamento confía plenamente na labor de Felipe Gil Castiñeira como único representante. A profesora Rebeca P. Díaz Redondo manifesta a súa vontade de que houbese un segundo representante do departamento.

3. Aprobación, se procede, da comisión específica de área e criterios de selección para o concurso de Profesorado Interino de Substitución.

O Director presenta a seguinte proposta de comisión e baremo:

- Comisión:
  - Alberto Gil Solla (suplente Sergio Herrería Alonso).
  - Cándido López García (suplente José Carlos López Ardao).
  - Martín Llamas Nistal (suplente Luis Anido Rifón).
  - Juan Carlos Burguillo Rial (suplente Francisco Javier González Castaño).
  - Martín López Nores (suplente Yolanda Blanco Fernández).
- Baremo: Titulación (10%), Exp. Investigadora (20%), Exp. Docente (15%), Exp. Profesional (40%), Proxecto Docente (10%), Outros (5%).

Apróbase, por asentimento, dita proposta.

4. Aprobación, se procede, dunha declaración de interese nas titulacións de Máster Universitario do estudo Galicia 2030.

Logo dun pequeno debate proponse facer una declaración de interese en participar e liderar un máster sobre IoT, así como en participar nalgunhas materias dun máster en Blockchain e doutro en Innovación Educativa, quedando aberta a posibilidade de participar en algún outro máster que sexa de interese para o departamento.

Apróbase, por asentimento, facer dita declaración de interese.

5. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 16:25 do día 10 de maio de 2021, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e prace do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Alberto Gil Solla

Dr. D. Fernando A. Mikic Fonte